




COSTA DE BAIONA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 13 km (lineal) coa volta á Ladeira e ao Monte do Boi
Dificultade: baixa



O concello de Baiona está situado no banda sur da Ría de Vigo. O litoral ten dúas partes contrapostas o fondo da enseada e o esteiro do Miñor onde a costa é protexida, baixa e areosa, e a outra, a partir do monte do Boi ata o cabo Silleiro, rochosa e exposta. Pódese percorrer case todo por espazos acondicionados a non ser na contorna da praia Ladeira. As principais actividades son o turismo, os servizos, a pesca e o marisqueo. Unha parte do territorio está protexido no LIC/ZEC “A Ramallosa”.



Ponte de Ramallosa, ou ponte da Xunqueira do século XIII, compartida entre Nigrán e Baiona. É unha das pontes de Galiza na que se realizaba o ritual do Bautismo Prenatal.



Esteiro dos ríos Miñor e da Groba (A Ramallosa)



1-O río Miñor fórmase pola conxunción dos ríos de Zamáns e Morgadáns, que recollen as augas da serra do Galifeiro. Despois de 16 km desauga entre Baiona e Nigrán. Unha barra de area (praia de Ladeira) pecha parcialmente o esteiro da Ramallosa.



O río da Groba nace na serra da Groba e despois dun percorrido moi encaixado desemboca no esteiro da Ramallosa, en Sabarís, moi preto do Miñor.

PERCORRIDO

Desde **A Ramallosa** un trazado entre a estrada e o esteiro lévanos ao pé da frecha da **Praia da Ladeira** e aproveitamos para darlle unha volta: polo interior, por un carreiro á beira do peche do parque de campismo que a ocupa, ata chegar á boca do río e volver pola parte de afora, polo areal, para reincorporarnos ao paseo que continúa pola trasduna ou seguir pola area ata **Santa Marta** onde rodeamos a punta pasando polo **porto do Burgo** e subindo á capela para ver a enseada do porto e baixar á praia, cruzar o **rego de Baña** e continuar pola beira do porto ata chegar á **praia da Ribeira**, entrar logo no recinto de **Monterreal** para saír á **praia Barbeira** e percorrer o perímetro exterior das murallas pasando polas **puntas do Cangrexo** e de **San Antonio**, polo alto da **praia da Figueira**, dobrar a **punta do Boi** para descubrir a metade sur do litoral, a liña de rochas contra as que escachan as ondas converténdose en moreas de espuma. Completamos o percorrido arredor do monte pasando pola **praia dos Frades** e a **punta do Gobernador** para desembocar na **praia Cuncheira**. Desde ahí seguimos polo trazado delimitado para peóns e ciclistas, entre a estrada e o mar, desde onde gozamos das panorámicas nos distintos miradoiros, descubrimos pequenos abrigos como o de **Area das Vacas**, onde desemboca o **rego das Tres Regueiras** ou **río das Fragas**, coa rampa e o vello torno, xa en desuso, que servía para arrastrar fóra da auga as embarcacións para protexelas dos temporais, e o seu grupo de construcións, moitas abandonadas e estragadas, nas que os mariñeiros gardan embarcacións e aparellos; e as pequenas **enseadas da Bombardeira**, do **Tío Andrés**, **Fornos** e **As Voltas**; e rochas curiosas pola súa estrutura ou o seu tamaño entre as que chama a atención **O Bombardeiro**, un con que fai honra ao seu nome cando as ondas estouran contra el impulsando a auga escumenta a grande altura, e o **Cabo Silleiro** que se prolonga no mar polas **illas Carral** e **Polbeiras** nas que bate continuamente o mar. Ao dobrar o cabo a costa segue a manter o seu aspecto rochoso e rexo ata o límite do concello na **punta das Negras** e as súas rochas. Podemos completar a camiñada subindo á Virxe da Rocha, un espléndido miradoiro sobre a contorna e a ría.



Praia Ladeira. Aséntase sobre a flecha que tapa parcialmente a desembocadura dos ríos Miñor e da Groba.





Peirao do Burgo



Punta de Santa Marta



Praia de Santa Marta



BAIONA. Porto.



Praia da Ribeira



Praia Barbeira



Punta Cangrexo



Punta de San Antonio



Punta de San Antonio



Praia da Figueira.



Punta do Boi ou do Norte.



Monte do Boi co castelo de Monterreal. Hai un sendeiro natural que permite rodealo e desde o que se pode gozar de excelentes vistas da costa.



Vista de Baiona desde o alto da Virxe da Rocha. A vila de Baiona é na actualidade un dos centros turísticos máis coñecidos de Galiza que conta cun concurrido porto deportivo. Foi durante os séculos XVI e XVII a base da flota defensiva de Galiza e o lugar da arribada da primeira carabela que viña de América.



Punta do Boi



Punta do Boi





Punta do Boi



Praia dos Frades




Punta do Gobernador



Praia Cuncheira



Monte Real, vista sur



Punta Sansón





Monte e punta da Rocha. No cume da Rocha hai unha imaxe monumental da Virxe deseñada polo arquitecto Antonio Palacios; un miradoiro ao que se ascende por unha escaleira interior.



Punta Salgueira



O Bombardeiro



Enseada Bombardeira



Enseada de Area das Vacas



Río das Fragas



Enseada do Tío Andrés



Punta de Fornos



Enseada de Fornos



As Voltas




Punta Peso



Illote Carral



As Polbeiras



Cabo Silleiro, límite sur da boca da ría de Vigo



As Negras. Punta das Negras